



O COOPERATIVISMO EN GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Edición: Xunta de Galicia

Ano: 2012

Depósito legal: C 2627-2012

Este catálogo foi desenvolvido pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia no marco das actividades do proxecto COOPERA +, financiado a través do Programa de Cooperación Territorial España - Portugal (POCTEP).

Novembro 2012, A Coruña.

O COOPERATIVISMO EN GALICIA

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE	5
PRÓLOGO	7
1. COOPERATIVISMO EN GALICIA	8
1.1. CARACTERIZACIÓN	9
1.2. ENTIDADES XESTORAS	11
1.3. ASOCIACIÓN REPRESENTATIVAS DO SECTOR	14
2. PRINCIPAIS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA XUNTA DE GALICIA	16
2.1. REDE EUSUMO	
2.2. I+COOPERA	
2.3. COOPERA +	
2.4. INICIATIVAS FORMATIVAS	
2.5. INCENTIVOS PROMOVIDOS POLA XUNTA DE GALICIA	
2.6. ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS EN GALICIA	
3. O COOPERATIVISMO EN GALICIA E AS REDES SOCIAIS	23
4. DIRECTORIO	24
5. PÁXINAS WEB DE INTERESE	26

PRÓLOGO



A celebración no ano 2012 do Ano Internacional das Cooperativas é unha boa ocasión para reflexionar sobre os desafíos e oportunidades que presenta na actualidade o sector cooperativo, así como a forma en que os poderes públicos poden remover os obstáculos que limitan o seu pleno desenvolvemento.

Dende hai décadas, a Xunta de Galicia ven realizando un importante esforzo por dar pulo á utilización do cooperativismo como vía para acadar un desenvolvemento económico equilibrado e integrador.

Este esforzo traducíuse no desenvolvemento dunha lexislación específica, e na creación de instrumentos financeiros destinados a apoiar ao movemento cooperativista galego.

As características socioeconómicas de Galicia e a súa posición periférica con respecto ao conxunto de Europa dificultan a captación de investimentos exteriores que poidan dinamizar o tecido produtivo galego.

Neste contexto, o desenvolvemento do cooperativismo móstrase como unha ferramenta clave para lograr mobilizar os recursos endóxeos, ao tempo que se aposta por un desenvolvemento equilibrado do territorio e unha repartición equitativa da riqueza xerada.

Partindo deste convencemento, a Xunta de Galicia comprácese en presentar este catálogo cunha curta descrición da situación actual do cooperativismo galego, indicando os órganos xestores, as entidades máis representativas do sector e unha breve relación das actuacións máis destacables que se realizaron nos últimos anos para impulsar o cooperativismo galego.

Esperamos que esta publicación resulte de utilidade para todas as persoas e institucións interesadas en coñecer as principais características e potencialidades que presenta o sector cooperativista en Galicia, e a maneira na que a administración autonómica apoia o seu desenvolvemento.

Odilo Martiñá Rodríguez
Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
Consellería de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

1. COOPERATIVISMO EN GALICIA

1.1. CARACTERIZACIÓN

a) Definición

Podería definirse o cooperativismo como o conxunto de actividades económicas e empresariais, que no eido privado levan a cabo aquelas entidades que perseguen: o interese colectivo dos seus integrantes, o interese xeral, social, ou ambos os dous.

A propiedade das sociedades cooperativas está en mans dos seus traballadores e socios, que asumen todo o protagonismo na toma de decisións e na marcha da actividade que desenvolven. O papel central dos traballadores e socios outorga a estas empresas unha serie de características moi particulares e valiosas, que en especial son axeitadas para atender diversas demandas, inxedanzas e problemáticas do mundo actual, ligadas aos profundos e rápidos cambios que está a experimentar o conxunto da sociedade e a economía.

b) Valores

Entre os valores que posúen as empresas cooperativas, cabe destacar:

- Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta na xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a dar prioridade á toma de decisións en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade.

- Os traballadores e socios convértense en protagonistas da marcha da empresa, implicándose e comprometéndose con ela, e promovendo o desenvolvemento de sistemas democráticos e pluralistas de decisión e de traballo.
- As cooperativas tratan de ofrecer empregos estables e de calidade, realizando un esforzo para favorecer a formación e cualificación dos seus traballadores, abordando de forma especial a conciliación da vida laboral e persoal.
- As cooperativas ofrecen aos emprendedores a posibilidade de ver plasmadas as súas ideas en proxectos colectivos económica e socialmente viables.
- As actividades económicas das cooperativas tenden a estar moi adaptadas aos territorios, tanto no que se refire aos recursos materiais, como ao capital humano do que dispoñen, debido ao feito de que os traballadores e socios residen maioritariamente neste. A consecuencia é que a xeración de emprego e riqueza permanece ancorada xeograficamente.
- Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e do servizo ou actividade realizada polos socios e, no seu caso, á fin social obxecto da entidade.

c) Descrición da situación


En Galicia existen un total de 1.141 cooperativas activas, que contan cuns **80.000 socios**, e crean uns **28.000 postos de traballo directos**. Na actualidade, máis do 2% dos ocupados galegos están vinculados ao cooperativismo.

A especialización sectorial das cooperativas activas en Galicia é a seguinte:


Do número total de cooperativas activas, a maior parte correspóndense coa categoría de **cooperativas de traballo asociado**, aínda que baixo esta categoría agrúpanse entidades que operan en diversos sectores de actividade. Esta categoría representa o **45% do total das cooperativas galegas activas**.

O segundo tipo máis frecuente serían as **cooperativas agrarias**, que representarían o **30% das cooperativas activas**. Outras tipoloxías, como as cooperativas de transportistas ou as cooperativas de vivendas, terían unha menor presenza no panorama cooperativo galego.

Tipoloxías de cooperativas




Número de socios por tipoloxía



Analizando o panorama cooperativo dende o punto de vista do número de socios que se agrupan en cada unha das tipoloxías de cooperativas pode comprobarse que aínda que non son as máis numerosas, as cooperativas agrarias son as que contan cun maior número de socios, cifrándose este en aproximadamente o 46% do total dos socios cooperativistas en Galicia.

Distribución de cooperativas por provincia



En consonancia co seu maior dinamismo empresarial, as provincias da Coruña e Pontevedra presentan unha maior presenza de sociedades cooperativas activas.

d) Situación en Galicia das principais tipoloxías de cooperativas.

Cooperativas Agrarias

As máis de 200 cooperativas agrarias galegas teñen un papel protagonista, cunha facturación de máis de 1.500 millóns de euros, o que supón o 7% da facturación total do cooperativismo agrario español.

Estas cooperativas, ademais do seu peso cuantitativo están intimamente ligadas ao medio rural e exercen un importante papel na fixación de poboación e, en numerosas ocasións, tamén ostentan un rol de líder na economía social.

As cooperativas agrarias configúranse arredor dunha ampla variedade de subsectores agrarios. En consonancia coa especialización agraria galega, as cooperativas máis numerosas están relacionadas co sector do vacún, tanto para a produción láctea, como para a produción de carne; os cultivos hortofrutícolas, ou a produción vitivinícola.

Cooperativas de Traballo Asociado

En Galicia hai máis 500 cooperativas activas de traballo asociado en todo tipo de sectores. Este tipo de cooperativas, teñen por obxecto proporcionar postos de traballo aos seus socios para producir en común bens e servizos para vender a terceiros, contribuíndo á consolidación do emprego fixo, polo que o seu desenvolvemento é aínda máis importante en situacións de inestabilidade económica.

As cooperativas de traballo asociado inscríbense nun amplo abano de actividades económicas, fundamentalmente do sector industrial e do sector servizos. As cooperativas encadradas no sector servizos resultan máis numerosas, incluíndo numerosos exemplos de cooperativas adicadas á prestación de servizos profesionais, educativos, ou de atención á infancia e a dependencia, entre outros. Polo que se refire ás cooperativas do sector industrial sería salientable o elevado número de cooperativas pertencentes ao subsector da confección téxtil, ou ao sector do metal.

1.2. ENTIDADES XESTORAS


A Constitución Española, no artigo 129.2, encomenda aos poderes públicos fomentar as sociedades cooperativas. O Estatuto de Autonomía de Galicia recoñece no artigo 55.3 a potestade da Comunidade Autónoma de Galicia para atender á modernización e o desenvolvemento dos sectores económicos, e o fomento das sociedades cooperativas.

A Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia exclusiva en materia de sociedades cooperativas, e neste marco promulgouse a primeira Lei de cooperativas de Galicia: Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Esta lei axustouse ás especificidades propias destas e adaptase ás estruturas económicas da rexión. A lei ten como obxectivo prioritario dotar ao sector cooperativo de Galicia dunha regulación propia, avanzada, flexible e con vontade de estabilidade.

A normativa reguladora das cooperativas en Galicia, recoñece competencias á Xunta de Galicia, e máis concretamente á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social en diversos eidos relacionados co cooperativismo.

A normativa vixente outorga á Xunta de Galicia, a través dos seus órganos competentes o mandato de fomento do cooperativismo, que se materializará en actuacións como as seguintes:

1. Poñer en marcha accións de promoción, difusión, desenvolvemento, formación e fomento do cooperativismo do marco da súa acción política e como fórmula empresarial de creación e mantemento do emprego, cohesión territorial e articulación económica e social de Galicia.
2. Adopción das medidas necesarias para o fomento das relacións entre cooperativas e, en particular, a creación de cooperativas de segundo grao, a fusión de cooperativas, o establecemento de grupos cooperativos e de concertos ou consorcios.
3. Establecer, de acordo cos procedementos oportunos, liñas de axudas para o movemento cooperativo.
4. Remitir anualmente ao Parlamento de Galicia unha memoria sobre as actividades realizadas no eido do cooperativismo en Galicia.



O CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

O Consello Galego de Cooperativas é o máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndose ademais, como órgano consultivo e asesor das administracións públicas galegas naqueles temas que afecten ao cooperativismo.



O Consello Galego de Cooperativas é un órgano colexiado no que participan as diferentes administracións, institucións e organizacións cooperativistas, interesadas no fomento global do cooperativismo. Converteuse nun punto de unión entre as propias cooperativas e os organismos públicos, logrando deste modo una comunicación permanente e fluída entre ambas as dúas partes.

Para o cumprimento dos seus obxectivos goza de plena capacidade de obrar, axustando a súa actuación ás previsións contidas na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia e nas normas de desenvolvemento.

O Consello Galego de Cooperativas adscíbese á Consellería de Traballo e Benestar, que lle asigna o persoal funcionario e os recursos económicos suficientes para o seu funcionamento.

Funcións do Consello Galego de Cooperativas

As funcións propias do Consello Galego de Cooperativas inclúen:



- a.** Facilitar e colaborar na investigación, planificación e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo, prestando un especial interese aos programas da Unión Europea, así como promover a educación e a formación cooperativa.
- b.** Elaborar propostas, ditames e informes en relación coas cuestións que afecten ao cooperativismo.
- c.** Realizar estudos e impulsar as accións encamiñadas a facilitar a intercooperación.
- d.** Emitir informe, con carácter preceptivo, sobre os proxectos de disposicións legais e regulamentarias e demais normas que afecten directamente ás cooperativas ou ás súas organizacións, así como procurar a súa difusión.
- e.** Contribuír ao perfeccionamento do réxime legal e institucional do ordenamento socioeconómico da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f.** Conciliar e exercer a arbitrase nas cuestións litixiosas que se susciten entre cooperativas, entre estas e os seus socios, ou no seo delas entre os seus socios, cando ambas as dúas partes o soliciten ou ben estean obrigadas a iso en razón ao establecido nos seus estatutos.
- g.** Promover a educación e formación cooperativa nos distintos niveis do sistema educativo xeral.
- h.** Exercer todas as accións que resulten necesarias para percibir os fondos irrepantibles, así como o remanente do haber líquido social das cooperativas.
- i.** Percibir, planificar e xestionar mediante un programa específico os fondos de formación e promoción nos supostos previstos na Lei de cooperativas de Galicia.

1.3 ASOCIACIÓN REPRESENTATIVAS DO SECTOR



AGACA. Asociación Galega de Cooperativas Agrarias.

AGACA é a organización representativa do cooperativismo agrario en Galicia, no sentido máis amplo do termo: representando tanto ao cooperativismo agrario con toda a súa problemática económica, empresarial e social, como aos socios cooperativistas na súa dimensión humana e profesional.

As cooperativas socias de AGACA abranguen os sectores máis representativos da agricultura e gandaría galegas, entre os que poderían citarse: vacún de leite e carne; horta e flor; porcino; vitivinícola; caprino; helicultura; cunicultura; apicultura, subministracións agrarias, etc.

Que obxectivos ten?

Correspóndelle a AGACA representar e defender os intereses económicos e sociais do asociacionismo agrario ante as diferentes administracións e diante das organizacións estatais representativas do resto de axentes socioeconómicos dos sectores nos que desenvolven as súas actividades.



UGACOTA. Unión de Cooperativas de Trabajo Asociado.

UGACOTA é unha entidade sen ánimo de lucro formada por cooperativas de traballo asociado que se encadran en diversos sectores económicos, tanto no sector servizos, como no sector industrial. É a asociación de referencia en Galicia para este tipo de cooperativas.

Que obxectivos ten?

Correspóndelle a UGACOTA representar e defender os intereses económicos e sociais dos seus socios. Así mesmo, dende UGACOTA promóvese o autoemprego colectivo como forma de traballo, tanto polas dificultades de creación de

emprego que ten o mercado laboral, como polas vantaxes e valores que presenta a empresa cooperativa como organización igualitaria e participativa.



SINERXIA. Federación de Cooperativas SINERXIA.

A Federación de Cooperativas SINERXIA foi constituída en 1994 como una organización autónoma, sen ánimo de lucro, de carácter intersectorial, que forma

parte do movemento asociativo cooperativo de Galicia.

A Federación asocia unións de cooperativas.



UCETAG. Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia

A Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia foi fundada no ano 1988 entre cooperativas de ensino de toda Galicia. En eses momentos, dende a UCETAG concentrábanse os esforzos na obtención, por parte da administración, dos sistemas de financiamento axeitados para a prestación dos servizos educativos.

A partir dos anos 90 a UCETAG alcanza un elevado grao de representatividade, acollendo á práctica totalidade das cooperativas de ensino do sector regulado, sector do que é o seu máximo representante en Galicia.

Que obxectivos ten?

As actividades que realiza a UCETAG distribúense entre as actividades específicas

do sector do ensino que inclúen a representación ante a administración pública e a defensa dos intereses e do valor diferenciador das cooperativas.

Dende a UCETAG tamén se presta un especial interese á promoción do cooperativismo no ámbito da educación infantil.



UCAFE. Unión de Cooperativas Agrarias de Ferrol

A UCAFE é unha entidade que agrupa un conxunto de cooperativas da área de Ferrolterra que está vinculado co sector agrario. Os seus eidos de actividade son a gandaría de vacún para a produción láctea e

cárnica, os cultivos hortícolas, e a produción silvícola.

Que obxectivos ten?

Dende a UCAFE promóvese o emprendemento baseado en fórmulas cooperativas e o apoio ás sociedades cooperativas xa constituídas.

2. PRINCIPAIS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

2.1. REDE EUSUMO



ÁMBITO TERRITORIAL

Galicia

ORZAMENTO

550.000 €

PÁXINA WEB

www.eusumo.coop

CONTACTO

E-mail: info@eusumo.coop

Teléfono: +34 617 414 577

DESCRICIÓN

Eusumo é unha rede, promovida pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, para o fomento das cooperativas e a economía social.

Esta Rede trata de promover o emprendemento a nivel local, rexional e transfronteirizo proporcionando apoio directo á consolidación e creación de emprego baseado na economía social neste territorio en particular.

OBXECTIVOS

Entre os obxectivos da Rede Eusumo encóntranse a promoción e fomento do cooperativismo e a economía social, o emprendemento, e por último, a creación e consolidación de emprego a nivel local, rexional e transfronteirizo.

COFINANCIADO POR:

FONDO SOCIAL EUROPEO 2007-2013



2.2. COOPERA +



ÁMBITO TEMPORAL

01/01/2010 – 30/06/2013

ÁMBITO TERRITORIAL

Galicia - Norte de Portugal

SOCIOS

- Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
- Associação de Desenvolvimento da Região do Alto Tâmega (ADRAT)
- Cámara de Comercio de Vigo (CAVIGO)
- Associação Empresarial de Viana do Castelo (AEVC)
 - Universidade Católica Portuguesa
 - Faculdade de Ciências Sociais (UCP)



ORZAMENTO

1.264.337,06 €

PÁXINA WEB

<http://www.cooperamais.org>

CONTACTO

Xunta de Galicia
 Consellería de Traballo e Benestar
 Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
 Subdirección Xeral de Cooperativas
 e Economía Social

Teléfono: +34 981544647

E-mail: subdirectorsxcooperativas.traballo@xunta.es

Rúa San Lázaro s/n - 15781

Santiago de Compostela - Spain

DESCRIPCIÓN

O Proxecto Coopera+ trata de establecer medidas que contribúan á promoción do cooperativismo e a súa consolidación na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, co fin de xerar máis e mellores empregos na área.

OBXECTIVOS

Os obxectivos fundamentais do Proxecto Coopera+ son os seguintes:

- Fomentar a cultura emprendedora (baseada na fórmula das sociedades cooperativas).
- Proporcionar ferramentas de apoio para o desenvolvemento do sector cooperativo.
- Crear mecanismos transfronteirizos para a xeración de oportunidades de negocio e empregos.
- Promover a comercialización e internacionalización das sociedades cooperativas

COFINANCIADO POR:

PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL ESPAÑA – PORTUGAL 2007 -2013 (POCTEP)



2.3. I+COOPERA



ÁMBITO TERRITORIAL

Galicia

ORZAMENTO

147.800 €

PÁXINA WEB

www.innovacioncooperativas.com

CONTACTO

Xunta de Galicia
 Consellería de Traballo e Benestar
 Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
 Subdirección Xeral de Cooperativas
 e Economía Social
 Rúa San Lázaro s/n. - 15781
 Santiago de Compostela
 E-mail: info@innovacioncooperativas.com
 Teléfono: +34 981 558008

DESCRIPCIÓN

O proxecto I+COOPERA leva a cabo unha serie de actividades dirixidas á promoción das cooperativas a través do apoio á investigación, desenvolvemento tecnolóxico, innovación e estímulo a redes.

OBXECTIVOS

O proxecto I+Coopera ten como obxectivo xeral fomentar os procesos de innovación tecnolóxica nas cooperativas galegas. Para alcanzar este obxectivo fórmulanse unha serie de actuacións:

- Ofrecer formación ao persoal das cooperativas en temáticas relacionadas coa innovación.
- Impulsar as redes de cooperación sobre temáticas de interese para as cooperativas, de forma que poidan crearse sinerxías sostibles.
- Ofrecer servizos de asesoramento e tutorización de proxectos de innovación tecnolóxica, en eidos como a identificación de fontes de financiamento ou a creación de consorcios.

COFINANCIADO POR:

FONDO SOCIAL EUROPEO 2007-2013



2.4. INICIATIVAS FORMATIVAS

A. COOPERATIVIZATE!

Co slogan “Cooperativizate! ” a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia lanzou unha campaña de promoción das cooperativas e o autoemprego. Esta campaña trata de fomentar un maior coñecemento dun modelo empresarial que resulta ser moi vantaxoso para os novos emprendedores.

A iniciativa, de carácter educativo e dirixida principalmente a mozos, conta cunha escola cooperativa móbil que persegue achegar o mundo das cooperativas aos estudantes galegos.

A campaña “Cooperativizate! ” vai acompañada dunha páxina web que pon a disposición dos interesados todo o contido formativo e proporciona tamén a posibilidade de participar en foros de discusión e formación online sobre a materia.

Esta escola cooperativa móbil leva activa dende 2010 e dende outubro de 2012 a abril de 2013 achegará o cooperativismo a máis de 25 centros educativos en toda Galicia.

Páxina web: cooperativizate.cooperativasdeg Galicia.com



B. TELEFORMACIÓN

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en colaboración co Consello Galego de Cooperativas, ofrece actualmente un servizo de formación online sobre a creación e xestión de cooperativas adaptado e orientado ás necesidades identificadas polas cooperativas galegas.

Este servizo pretende achegar as tecnoloxías da información e a comunicación ás cooperativas galegas, así como poñer á súa disposición materiais formativos axeitados para este modelo de negocio, subliñando así a importancia da formación nesta materia.

Entre os cursos realizados destacan: Formación cooperativa, Xestión e dirección cooperativa, Habilidades sociais, Mercadotecnia e comercialización de produtos e servizos, Responsabilidade social das cooperativas, Planificación estratéxica, Muller, cooperativismo e igualdade de xénero.

► Teleformación cooperativa



Acceso á plataforma de teleformación e á oferta de cursos formativos

2.5. INCENTIVOS PROMOVIDOS POLA XUNTA DE GALICIA

Ademais de todas as accións xa mencionadas de promoción e fomento do cooperativismo levadas a cabo a través de diversos programas formativos, informativos e de asesoramento, a Consellería de Traballo e Benestar xestiona tamén programas de incentivos que permiten ás cooperativas recibir apoio para diversas accións, entre as que destacan:

1. Asesoramento inicial

- Asesoramento e acompañamento de proxectos que comprende dende a realización de actividades previas ao inicio da actividade, tales como a orientación do proxecto e accións formativas e informativas do grupo promotor, ata o seguimento e asesoramento na súa execución.
- Estudos de viabilidade, organización, comercialización, etc, de estatutos sociais e regulamentos de réxime interno e a formalización da escritura pública de constitución.

2. Financiamento para a incorporación de socios

- Axudas á cooperativa pola incorporación de persoas desempregadas como socio/as traballadores/as.
- Axudas ás persoas socias traballadoras que se incorporan á cooperativa para a súa achega ao capital social.

3. Xestión empresarial

- Formación das persoas socias en temas de dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Contratación de directores ou xerentes necesarios para a viabilidade da cooperativa.



2.6. ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS EN GALICIA

Con motivo da declaración por parte da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, de 2012 como Ano Internacional das Cooperativas, a Xunta de Galicia programou numerosas actividades, a maior parte organizadas en colaboración coas asociacións cooperativas galegas. Estas actividades inclúen:

- Elaboración de publicacións, materiais educativos e campañas de difusión.
- Organización de seminarios técnicos.
- Declaracións de apoio institucional ao sector cooperativo.
- Celebración de eventos divulgativos.
- Asistencia a eventos internacionais como a Expo Internacional de Manchester da Alianza Cooperativa Internacional.

A través de todas estas iniciativas, a Xunta de Galicia trata de chamar a atención sobre a idoneidade do modelo cooperativo para a creación de emprego e o emprendemento.

Mención especial merece o Encontro Internacional Cooperativo organizado pola Xunta de Galicia, en colaboración coas asociacións representativas do sector do 5 ao 7 de xullo, co fin de intercambiar experiencias e promover as boas prácticas no modelo cooperativo. As principais actividades levadas a cabo durante este evento de tres días de duración son as seguintes:

ENCONTRO

O Encontro Internacional Cooperativo foi celebrado en Santiago de Compostela, no marco do proxecto COOPERA+ co slogan “As cooperativas contribúen a construír un mundo mellor”.

Durante o evento foron presentados varios casos de boas prácticas co fin de coñecer en profundidade as realidades das experiencias que destacaron pola súa excelente implementación dos valores cooperativos.

A ocasión permitiu que actores e técnicos, así como o público interesado, tivesen a oportunidade de lograr unha mellor comprensión do sector cooperativo.



A MOSTRA

De forma complementaria e simultánea ao encontro tivo lugar a Mostra de Produtos e Servizos Cooperativos. Este evento estaba dirixido á difusión das actividades das cooperativas galegas. Outro dos obxectivos do evento era posibilitar a cooperación comercial e o establecemento de contactos entre os participantes e visitantes que asistiron á mostra.



Visitantes da Mostra de Produtos e Servizos Cooperativos

DÍA DO COOPERATIVISMO GALEGO

O DIA COOPERATIVISMO GALEGO, celebrado o 7 de xullo, constituíu a culminación destes tres días de actividades, mostrando o grande interese que suscita o mundo cooperativo en Galicia.

O evento contou coa asistencia de numerosos membros das cooperativas galegas, razón pola cal foi o momento escollido para facer entrega da undécima edición dos premios á cooperación. Estes premios pretenden dar recoñecemento aos logros e ás contribucións realizadas neste campo polas cooperativas galegas nunha das seguintes categorías:

- Premio aos valores cooperativos, outorgado a SONAXE.
- Mellor proxecto cooperativo, outorgado a NOVA ASECONIA e MÁIS GALICIA.
- Premio á promoción do cooperativismo, outorgado aos IRMANDIÑOS.

No mesmo evento foron entregados tamén os premios do concurso “Cooperativismo no ensino”, dirixido á potenciación e difusión do cooperativismo nos centros educativos galegos.



3. O COOPERATIVISMO EN GALICIA E AS REDES SOCIAIS

As iniciativas cooperativas galegas atópanse tamén presentes nas redes sociais. A continuación móstranse unha serie de exemplos da campaña de difusión en redes sociais levada a cabo por “Cooperativízate!”:



Grupo de **FACEBOOK**

<http://www.facebook.com/#!/Cooperativizate>



TUENTI

<http://www.tuenti.com/cooperativizate>



Conta **TWITTER** desenvolvida pola Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, dirixida á promoción do emprendemento en Galicia.
<http://twitter.com/#!/cooperativizate>

4. DIRECTORIO

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL.

Tel.: +34 981 544 647 / +34 981 544 666

Edif. Administrativos. San Lázaro, andar 0

15781 Santiago de Compostela

Galicia, ESPAÑA

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

Tel.: +34 881 999 268

Edificio Administrativo San Lázaro,

Consellería de Traballo e Benestar - 2º

15781 Santiago de Compostela

Galicia, ESPAÑA

ASOCIACIÓN DE COOPERATIVAS

UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS – AGACA

Tel.: +34 981 584 911 / +34 981 584 783

C/ Tomiño, 22 Ent. Santiago de Compostela

Tel.: +34 982 201 514 / +34 982 201 543

C/ Poeta Noriega Varela, 30 enpta. Lugo.

Tel.: +34 988 242 481

C/ Bedoia, 7, 2º. Of. 1. Ourense.

Galicia, ESPAÑA

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABALLO ASOCIADO DE GALICIA – UCETAG

Tel.: +34 986 866 149.

C/ Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. 36002 Pontevedra

Tel.: +34 986 866 149.

C/ Teixugueiras, 28-ent. B. Navia, Vigo

Galicia, ESPAÑA

UNIÓN DE COOPERATIVAS AGRARIAS DE FERROL – UCAFE

Tel.: +34 981 372 798.

C/ Pascual Veiga, 33-35, entrechán.

15403 Ferrol (A Coruña)

Galicia, ESPAÑA

FEDERACIÓN DE EMPRESAS COOPERATIVAS SINERXIA

Tel.: +34 986 896 526

Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. Pontevedra.

Galicia, ESPAÑA

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO UGACOTA

Tel.: +34 981 575 578

C/do Horreo, 104-baixo esquerda

15701 Santiago de Compostela (A Coruña).

Galicia, ESPAÑA

**UNIÓN DE COOPERATIVAS DO MAR DE GALICIA
UGACOMAR**

Tel.: +34 986 896 526
C/Fernández Villaverde 4, 1º oficina 3-4
36002 Pontevedra
Galicia, ESPAÑA

**UNIÓN DE COOPERATIVAS DE VIVENDAS
UGACОВI**

Tel.: +34 981 553 115.
Rúa Tomiño, 20-baixo
15703 – Santiago de Compostela
Galicia, ESPAÑA

REDE EUSUMO

**CENTRO DE DESENVOLVEMENTO
COOPERATIVO TRANSFRONTEIRIZO DE VERÍN**

Tel.: +34 988 413 120
Parque empresarial de Pazos
32619 Verín
Galicia, ESPAÑA

**FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS –
COOPERATIVA DO VAL**

Tel.: +34 981 363 556 / +34 617 714 265
Vilacornelle, s/n – O Val
15441 Narón
Galicia, ESPAÑA

FUNDACIÓN COREN

Tel.: +34 988 369 411 ext. 61214 / +34 617 414 577
Ctra. Nacional 120, Vía Provincial OU-0410, nº 41
Razamonde (Cenlle)
32459 Ourense
Galicia, ESPAÑA

UNIÓN DE COOPERATIVAS UCOGATRA

Tel.: +34 981 574 922
Costa de San Marcos 3, baixo
15820 Santiago de Compostela
Galicia, ESPAÑA

CAIXA RURAL DE LUGO

Tel.: +34 646 278 698
Rúa Doutor Ochoa, 1
27004 Lugo
Galicia, ESPAÑA

FUNDACIÓN FEIRACO

Tel.: +34 981 818 340 / +34 659 830 597
Lg. de Pontemaceira, s/n. Agrón
15864 Ames
Galicia, ESPAÑA

CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO

Tel.: +34 986 432 533
República Argentina, 18
36201 Vigo
Galicia, ESPAÑA

5. PÁXINAS WEB DE INTERESE

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

www.cooperativasdegalicia.coop



CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL SUBDIRECCIÓN XERAL DE COOPERATIVAS E ECONOMÍA SOCIAL

<http://traballo.xunta.es/portada-cooperativismo-e-economia-social>

REDE EUSUMO

www.eusumo.coop

PROXECTO COOPERA+

www.cooperamais.org

PROXECTO I+COOPERA

www.innovacioncooperativas.com

PORTAL DE INTERCOOPERACIÓN PRODUTOS E SERVIZOS DAS COOPERATIVAS GALEGAS

www.intercooperar.coop

ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS AIC

www.2012.coop

ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS DE GALICIA XUNTA DE GALICIA

www.cooperativas2012.coop

Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro



XUNTA
DE GALICIA



PROGRAMA
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA - PORTUGAL
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA
2 0 0 7 - 2 0 1 3



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



2012
Año
Internacional das
Cooperativas